

Animais nocturnos

Tería eu uns nove anos cando aconteceu todo. Era xa noite e espertara, coma tantas outras veces, coa fame. De súpeto, vin á mamá saíndo do faio cun candil na man. Antes de pechar a porta, murmurou algo e enxugou as bágoas no camisón.

Á mañá seguinte cavilei en que aquilo fora un soño, mais ao comprobar que o candil aínda gardaba calor desenganeime. Decidín, entón, repetir garda nocturna. E, novamente, puiden contemplar a mesma escena: a mamá saíndo, coma unha ánima, daquela escuridade mesta. Así que pousou a chave, apurei a collela e dirixinme ao faio.

Entrei silenciosamente, mais unha voz grave interceptoume de inmediato:

—Que deixaches, Carmiña?

Muda, perplexa, nin que vise o demo. Diante de min, tapando a ferida dunha perna cun pano, estaba o tío Moncho. O tío que marchara ao monte durante a guerra. Aquela noite contoume as peripecias que vivira mentres fuxía das escopetas —como el dicía— e avisoume que pararía pouco.

Cando días máis tarde nos interrogaron, eu —igual que a mamá— dixen toda convencida que no faio acubillaramos a un pequeno raposo ferido. E non mentía, non.